



O presente documento estará  
exposto no Taboero de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 27-01-23  
ata a día 15-02-23  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.  
*[Firma]*

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Na Xunta de Goberno de data 13.01.2023 aprobase a convocatoria pública e as bases que rexerán o procedemento selectivo ao obxecto de seleccionar integrantes para ampliar a vixente listaxe de Dinamizador/a Dixital, para prestar servizos laborais temporais vinculados ao programa “Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais” da Deputación Provincial de Lugo. O dito acordo publicase no *Boletín Oficial da Provincia* de Lugo (BOP) núm. 015, do 19.01.2023.

A base 6.4 establece que: “o prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP polo que abriuse o prazo o día 20.01.2023 rematando o 30.01.2023.

A data 25.01.2023 non hai solicitudes presentadas polo que non se garante que se puidese levar a cabo a convocatoria e contar así co número de efectivos suficientes para levar a diante o programa.

Considerando o establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que literalmente sinala:

*1. “ A administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio (...), unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados”*

*3. (...) a decisión sobre a ampliación deberá producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos (...) non será susceptible de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento”.*

A vista do anterior, propónse a presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, resolva:

1º.- Ampliar de oficio, con base no establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, en 5 días naturais o prazo de presentación de solicitudes do proceso selectivo convocado no BOP núm. 015, do 19.01.2023 para ampliar a listaxe de emprego temporal de Dinamizador/a Dixital que prestarán servizos laborais vinculados ao Programa “Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais”

	IV7B5SQJHXU4LG4IQNE4MVCPAI	Fecha y Hora	27/01/2023 15:21:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7B5SQJHXU4LG4IQNE4MVCPAI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7B5SQJHXU4LG4IQNE4MVCPAI</a>	Página	1/2



da Deputación Provincial de Lugo, motivado na falta de presentación de solicitudes.

2º.- Publicar a presente resolución na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade, indicando que o prazo ampliase dende o día 31.01.2023 ata o día 06.02.2023."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**

P.D. Decreto de data 26-07-2019

**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 27-01-23  
ata a día 15-02-23  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.A

	IV7B5SQJHXU4LG4IQNE4MVCPAI	Fecha y Hora	27/01/2023 15:21:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7B5SQJHXU4LG4IQNE4MVCPAI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7B5SQJHXU4LG4IQNE4MVCPAI</a>	Página	2/2

